



Expediente número: PLN/2019/1

ACTA

**Sesión ORDINARIA 1/2019 celebrada
polo Pleno do Concello o día 7 de
febreiro de 2019**

ORDE DO DÍA

PARTE RESOLUTIVA

- 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria 15/2018 do 17/01/2019**
- 2. Declaración de Crédito Indisponible.**

PARTE DE CONTROL

3. Dar Conta dos Expedientes de Modificación de Crédito: MC 39/2018.TC17/18, MC 40/2018.TC18/18, MC 41/2018.GC17/18, MC 42/2018.TC19/18, MC 43/2018.TC20/18, MC 01/2019.TC01/19 e MC 02/2019.IR01/19

4. Actividades de control do pleno.

4 . 1 Dar conta das Resolucións de Alcaldía.

4 . 2 Solicitud de Comparecencia.

4 . 3 Mocións.

4 . 4 Rogos e preguntas.



No Multiusos da Xunqueira, habilitado como salón de sesións por resolución da alcaldía número 297/2019 de data 31 de xaneiro de 2019, e sendo as vinte horas e cinco minutos do 7 de febreiro de 2019 coa presidencia do alcalde, Javier Bas Corugeira, e a asistencia dos/as concelleiros/as:

GPM PP

Miguel Ángel Álvarez Ballesteros

María Teresa París Blanco

Jesús Crespo López

María del Carmen Amoedo Dasilva

Arturo González Barbeiro

Ángela Antón Pazos

GPM PSOE

Eduardo José Reguera Ocampo

Digna Rosa Rivas Gómez

Leonardo Cabaleiro Couñago

Mauro Álvarez Castro,

Ana Isabel Rey Gómez

Isaac Borja Araújo Figueroa

GPM AER

Xosé Covelo Míguez

Noé Cano Correa

Juan Roberto Darriba Ferradás

Javier Bastos Devesa



GPM BNG

Xoán Carlos González Campo

NON ADSCRITO

Enrique Fojo Durán

Tamén asistiu o interventor do Concello, Ángel Santamariña Rivera e actuando como secretario Carlos López Quintáns (secretario municipal).

Constitúese validamente o Pleno do Concello, en sesión ordinaria, conforme á convocatoria e de acordo coa orde do día.

INCIDENCIAS:

Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero e violencia contra a infancia.

Non asisten as concelleiras Maria Teresa Paris Blanco e María José Barciela Barros do Partido Popular.

Ás 20:34 horas abandonou a sesión o concelleiro Xoán Carlos González Campo, regresando ás 21:09 horas.

Ás 22:00 horas abandonou a sesión o concelleiro Javier Bastos Devesa.

O Alcalde fai dous recesos:

- ás 21:46 horas, reiniciándose a sesión ás 21:52 horas.
- Ás 22:30 horas, reiniciándose a sesión ás 22:52 horas.



PARTE RESOLUTIVA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria 15/2018 do 17/01/2019.

Se dá conta da acta da última sesión. Non existindo observacións apróbase a mesma por unanimidade.

2. Declaración de Crédito Indispoñible.

ANTECEDENTES:

Visto o ditame da Comisión Informativa permanente de Economía e Facenda do día 28.01.2019 que di:

“PROPOSTA DA PRESIDENCIA DA COMISIÓN DE INFORMATIVA DE ECONOMÍA E FACENDA

Asunto: Declaración de Crédito non Dispoñible.

Na tramitación dos orzamentos do ano pasado e para a súa aprobación, existiron conversas co grupo municipal de AER onde se alcanzaron unha serie de acordos. Un deles foi o compromiso de presentar ante o Pleno de xaneiro de 2019 a proposta para declarar non dispoñibles o crédito da aplicación orzamentaria que recolle o devandito gasto. A día de hoxe están en tramitación expedientes de contratación iniciados no 2018 por importe de 59.901,79 €, para construción de muros e acondicionamento de camiños nas parroquias de O Viso, Negros, Vilar e Reboreda; e por importe de 29.955,28 €, para instalación de iluminación pública nas parroquias de Saxamonde e Quintela.

Polo tanto, a cantidade a declarar coma non dispoñible debe alcanzar a cantidade de 90.142,93 €.

E estas son as motivacións que levan a propor a esta Comisión Informativa de Economía e Facenda:

PRIMEIRO.-

A declaración de non dispoñible de parte do crédito recollido na aplicación orzamentaria 1531A/6190051 que ascende á cantidade de 90.142,93 €.

SEGUNDO.-

Dar conta do presente acordo a Intervención para que proceda a levar a cabo as anotacións contables e orzamentarias correspondentes.”

INTERVENCIONS.-

A concelleira Amoedo Dasilva di que despois de pasar pola comisión informativa tráese esta declaración de indispoñibilidade e que afecta aos orzamentos participativos tal como se acordara entre AER e PP para que en



2019 non se dispuxese desa partida ata que se analizase o xeito de participación e os obxectivos.

O concelleiro González Campo, di que este punto é froito das negociacións de cara á abstención para que se aprobasen os orzamentos de 2018. Escoitamos a explicación da intervención municipal na comisión informativa. É unha partida que queda reservada e parece ser que se lle quere dar un novo enfoque. Xa dixeramos que o goberno municipal vendería que era moi democrático e participativo pero o certo é que se fai unha utilización perversa da participación veciñal. Respectamos os dereitos das forzas políticas para negociar pero non compartimos este plantexamento. Non lle daremos o noso apoio.

O concelleiro Darriba Ferradás sinala que ninguén está de acordo co modelo que ten o goberno municipal para levar adiante os orzamentos participativos, entre outros motivos porque non hai formación, non hai oficina de proxectos participativos, non se puxo en marcha procedemento nas parroquias. Dende AER tentamos que se puxese en marcha correctamente. Na moción presentada por AER no seu momento para retomar este tema, curiosamente se rexeitou porque se abstiveron PP e PSOE e votaron en contra 2 membros do BNG. Seguimos pensando que esta proposta e proxecto hai que levalo adiante. Votaremos a favor.

O concelleiro Cabaleiro Couñago di que parece que estamos a pelexar un expediente por un pacto secreto AER e PP que coñecemos en última instancia. Sabemos que hoxe sairá adiante pero sabemos que custo ten isto. Que conversen AER e PP é cuestión lexítima pero pode ser un de tantos pactos entre PP e AER. Esperemos que para o seguinte mandato AER sexa quen de defender que son forzas progresistas e apoien un goberno progresista. Isto é unha pantomima máis como aquela cuestión de confianza á que se sometera o alcalde, que sempre sae airoso. Dende o máis profundo respecto ós principios democráticos, dende o PSOE non facilitaremos as políticas conservadoras do PP nin a nivel estatal nin a nivel local. Está clara cal é a filosofía do PP. AER chegou a este Concello dicindo que sacudirían as alfombras e era a esperanza que tiñamos. Agora AER segue sen ter ansia de goberno e apoia a un goberno de dereitas. O único que compartimos é que non estamos de acordo cos orzamentos participativos e como se fan as cousas.

A concelleira Amoedo Dasilva resposta que pacto secreto é o que ten Sánchez cos independentistas. Alfombras levantáronse no primeiro momento, foron os dous millóns de euros que tiñan en facturas pendentes de pago. Son incoherentes. Di que son un goberno progresista e a súa candidata fai ofrendas á Peregrina. As mañas son exactamente as mesmas. Dá pena como plantean este novo PSOE.

Tivo que chegar este goberno para que existisen orzamentos participativos. Foi no 2011 cando apareceron. Vostedes funcionaban con parroquias de primeiro, segundo e terceiro nivel. Non había orzamentos participativos, agora si. Por



entón os veciños maioritariamente estaban de acordo co que se dicía nos consellos parroquiais. Como é o caciqueo que di o sr. González? Non vale a opinión dos representantes dos consellos parroquiais? Ata o 2011 só existían dous consellos parroquiais. Este Concello é o número 1 en transparencia de toda Galicia. Os pactos entre PP e AER se publicaron. Os pactos que fan vostedes en España estamos esperando a coñecelos. Leccións as xustas. Vostedes non fixeron ningunha proposta, nin boa nin mala.

O concelleiro González Campo di que a voceira do PP ponse nerviosa, están incómodos. Como están en minoría teñen que negociar. Os consellos parroquiais se caracterizaron porque foron creados á forza por decreto, o goberno do PP chegou a enfrontarse a algúns deles. O BNG ten o seu propio modelo de orzamentos participativos. A maioría das obras que se fan nos participativos son cuestións que afectan á competencia municipal. Estase facendo algunha obra que vai en contra do criterio dos técnicos municipais. Nos últimos orzamentos en partidas de carácter social o PP non meteu nada. O único que lle interesa ó PP é vender obras e caciquear. O BNG non aprobou os orzamentos nin aprobará esta proposta.

O concelleiro Darriba Ferradás: nos consellos parroquiais non facemos propostas, a nosa idea é que as fagan os veciños. Sr. Cabaleiro mandámoslle as emendas que fixemos ós orzamentos ou en calquera cuestión que afecta ó remanente. Vostedes non fixeron proposta algunha. A vostedes fáltalles valor, como pasou coas eleccións. Se queren facemos unha revisión de quen fai a oposición e como a fan. Nós estamos aquí para dicir o que nos parece ben e o que nos parece mal. Non temos os problemas que teñen vostedes cando se acercan as eleccións. Non se poñan nerviosos.

O concelleiro Cabaleiro Couñago di que a sra. Amoedo se queda sen argumentos. Saben que gobernando en minoría son un goberno débil. Cos orzamentos participativos claro que se fan cousas coas que se caciquea. Sobre a falta de valor sr. Darriba, non pretendo romper pontes con ninguén. Sabe que tivemos conversas pero non quixeron entrar no goberno. Non nos acuse de covardía política. AER apoia ao goberno actual do PP porque cren que ese debe ser o camiño. O documento que traemos aquí, diga cando nolo facilitaron, foi no propio pleno dos orzamentos. Este documento foi asinado o 26 de xuño de 2018. Dende entón todo segue igual. Serán cómplices. Como van facer co regulamento das asignacións ós grupos políticos.

A concelleira Amoedo Dasilva di que lle sorprende o nerviosismo do PSOE e do BNG. Sr. Cabaleiro está moi agresivo co tema de futuros gobernos municipais. Estea tranquilo. Vostedes din aquí que os colectivos veciñais non teñen nin idea e que é o goberno do PP o que decide. Iso non é certo, as propostas saen dos veciños e veciñas de cada parroquia. Son eles quen decide. Os orzamentos participativos son isto. Para que a veciñanza decida en que quere investir e gastar. Os veciños están capacitados para votar pero non para decidir en que investir 15.000 euros de participativos? Vostedes están equivocados en



como se están a facer as cousas. Este goberno leva en minoría 8 anos e facendo moitas cousas.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido na proposta, apróbase por maioría dos/as concelleiros/as, sendo 11 votos a favor (7 do PP e 4 de AER), unha abstención (concelleiro non adscrito) e 7 votos en contra (6 do PSdeG-PSOE e 1 do BNG).

PARTE DE CONTROL

3. Dar Conta dos Expedientes de Modificación de Crédito: MC 39/2018.TC17/18, MC 40/2018.TC18/18, MC 41/2018.GC17/18, MC 42/2018.TC19/18, MC 43/2018.TC20/18, MC 01/2019.TC01/19 e MC 02/2019.IR01/19

Por alcaldía se dá conta.

4. Actividades de control do pleno.

4.1 Dar conta das Resolucións de Alcaldía.

Por alcaldía se dá conta.

4.2 Solicitude de Comparecencia.

Sendo as 20:34 horas abandona a sesión o concelleiro Xoán Carlos González Campo.

Comparecencia solicitada por AER

Asunto: **SOLICITUDE DE COMPARECENCIA DO ALCALDE POLOS DESCONTOS POR ASISTENCIA A MANIFESTACIÓNS.**

“Considerando que fronte a situacións similares nas que asalariados do concello de Redondela (entre os que incluímos corporación e grupo de



gobierno) participan en manifestacións durante o seu horario laboral.

Comprobando que nalgúns casos procedeuse a unha retención de salario proporcional ao tempo de ausencia e tamén a correspondente á cotización da seguridade social.

Vendo a diferente reacción en casos como as manifestacións do 8 de marzo (con e sen retención de soldo) e a manifestación do 17 de outubro en Pontevedra (sen retención) .

Dende a Agrupación de Electores de Redondela solicitamos a comparecencia do alcalde ante este pleno para dar as explicacións necesarias sobre:

Que criterios segue o actual equipo de goberno para aplicar a legalidade no desconto das nóminas de asalariados/as deste Concello que van a unha manifestación en horario laboral, e non descontar as nóminas doutros cando van a outra manifestación en horario laboral?"

INTERVENCIONES:

O concelleiro Darriba Ferradás explica que solicitan saber os criterios que segue o equipo de goberno para aplicar descontos nas nóminas cando van ás manifestacións en horario laboral. Di que existen varios casos. O 17 de outubro convocado polo PP con autobuses pagados polo Concello e unha mobilización diante da subdelegación de goberno. A esta mobilización asistiron persoas que cobran do Concello adicacións completas e parciais, tamén foi algún cargo de confianza. O 22 de maio de 2018 houbo dúas concentracións: unha convocada polo Concello e outra convocada polas asociacións feministas. Houbo traballadores que segundo a que manifestación van se lle aplica o desconto e a outros non. Nos gustaría saber o criterio que vostedes aplican.

O sr. alcalde contesta: fala de que convoca o PP pero non, foi o equipo de goberno en concordancia co sentir social. Sr. Darriba aquí hai dúas cousas, ou falan cos técnicos e lle explicaron o asunto tal como é, e fixeron manipulación; ou ben non saben como funciona isto despois dos anos que levan. Non é bo tratar de enganar ós veciños. Os cargos electos non están regulados pola norma do dereito de folga dos empregados públicos e non poden ter descontos na nómina por esta cuestión. En canto ós actos que programa o Concello a ninguén se lle fai retención algunha.

O concelleiro Darriba Ferradás di que o que non entende tan ben é a ética. Cando o PP se ampara en que o equipo de goberno fai a convocatoria non desconta, pero se non é do equipo, si. Cando a convoca o equipo de goberno se pode pagar o autobús. Só me queda unha dúbida, a convocatoria que fixo o equipo de goberno a última hora o 8 de marzo, aplicarían desconto?

O sr. alcalde contesta: o 8 de marzo non houbo nada a última hora, estaba programado. Coma todos os anos nos que hai esa concentración. Falou de



ética, teño que dicirlle en relación ós traballadores do Concello e aquel asunto da supresión da paga extra. Se fixo unha proposta de alcaldía e decidimos que o tratamento para o equipo de goberno tamén sería de reducir a parte proporcional da paga extra no salario, a pesar de que non nos afectaba. Co detalle a maiores de que os funcionarios recuperaron a paga extra e nós a nosa parte non. Era un xesto que queríamos facer cos traballadores. Quere que pasemos todas as horas extras que fan os meus concelleiros? Para nós o servizo público non é de oito a tres. Temos que resolver os problemas dos veciños en todo momento. Recordo concelleiros como María José nas inundacións ou concelleiros de AER nos incendios. Centrémonos en resolver os problemas de Redondela. Agora para saír de dúbidas ensínolle o documento de proposta de alcaldía de 20 de xullo de 2012 referente á baixada no salario.

Comparecencia solicitada por AER

Asunto: SOLICITUDE DE COMPARECENCIA DO CONCELEIRO DE MEDIO AMBIENTE POLA XESTIÓN DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE ALGAS.

“Considerando que ten pasado xa moito tempo, e vendo unha absoluta falta de resposta ás reiteradas demandas de AER, para unha xestión de recollida, transporte e tratamento das algas con un custe económico excesivo, solicitamos a comparecencia do concelleiro de Medio Ambiente ante este pleno para explicar:

- Cales foron as xestións realizadas e cales son as conclusións cara acadar un aforro importante na xestión de recollida, transporte e tratamento das algas dos nosos areas.”

O concelleiro Darriba Ferradás expón que o tema das algas é algo reiterativo, consideramos que é un gasto excesivo. Nun pleno falouse do tema e parecía que se facía algo. Queremos saber cales son as xestións e que decisións se tomaron.

O concelleiro Álvarez Ballesteros resposta que lle alegra a preocupación polo tema das algas. Preocúpanos o tema e aínda máis co tema da recollida do lixo, porque existe un déficit de máis dun millón de euros. Co Redondela2020 estamos traballando e facendo cousas que afectan á recollida, por exemplo coa reciclaxe ou recollida de aceite. Me gustaría que tivesen a mesma preocupación cando existiu a cláusula dos 100 metros de distancia ós contedores e que non saíu adiante.

Respecto das algas se fixeron varias cousas. Unha é que queríamos que se secan durante un tempo. Combinar marisqueo, ecoloxía e medio ambiente é complicado. Falan das algas como se fose a panacea do reciclado. En máis



dunha ocasión propuxemos que nos pagasen polas algas por levarllas alí, a ECOCELTA. Oxalá tivéssemos unhas algas de maior calidade pero sucede que moitas veces teñen lixo. Coas algas, unha vez que temos estes problemas e non as pagan, tiñamos que decidir onde levalas, a comunidade de montes de O VISO nos ofreceu botalas alí; consultado coa Xunta era inviable. URBASER fixo un contrato con ECOCELTA e nos parece unha forma axeitada e correcta de sacar o problema. Á marxe de aí, pouco máis se pode facer. As algas se recollen en puntos determinados, é un procedemento controlado, URBASER as leva a ECOCELTA.

O concelleiro Darriba Ferradás: sabemos que hai un déficit importante pero non fixeron ningunha proposta de modificación da ordenanza, e o dos 100 metros se corresponde co que dicía a ordenanza. Que as leve URBASER a ECOCELTA, pero canto se paga pola xestión da tonelada? Gustaríanos saber se se lle pediu a URBASER o custo por tratamento. URBASER nos factura e punto e pelota. As separa ECOCELTA, non URBASER. Nos parece que unha boa xestión pode ser tentar facer outra cousa. Nós pagamos a tonelada a 45,77 euros e en ECOCELTA é 14 euros máis IVE. Respecto do lixo hai unha ordenanza que ten moitos anos. Vostedes non fixeron ningunha proposta con ela.

O concelleiro Álvarez Ballesteros resposta: claro que hai unha ordenanza pero coma outras que trouxemos para modificar e se botaron abaixo: cemiterios, bandeira azul...

Unha cousa moi importante é que cando buscamos outros prezos con outras empresas, URBASER nos advertiu que existe unha sentenza xudicial na que están obrigados a retirar as algas. Está no prego. Levamos anos traballando con isto cun empeño bastante grande, tamén debemos concienciar. O tema do lixo é un tema complicado. A todos nos debe preocupar o tema do millón de euros do déficit anual. E o querer aforrar os 2.000 ou 3.000 euros con outra empresa igual non é mellor, porque pode funcionar peor.

-Sendo as 21:09 horas regresa á sesión o sr. concelleiro González Campo-

4.3 Mocións

4.3.1 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR: DÍA DAS LETRAS GALEGAS ADICADO A FEDERICO GARCÍA LORCA.

ANTECEDENTES:



Moción do Grupo Municipal do Partido Popular con entrada no Concello o día 24.01.2019 con número 2019-E-RC-1274 que se transcribe a continuación:

“O 25 de outubro deste 2018 celebrouse a primeira edición do Día de García Lorca en Galicia. A data lembra a visita que o poeta realizou con 18 anos á nosa terra. Neses traxecto en tren pararon na antiga estación de Redondela para facer o transbordo camiño de Compostela.

O compañeiro de expedición, Luís Mariscal Parado, escribiu que García Lorca escoitou en Redondela, por vez primeira, un alalá que musicaban uns versos en galego de Rosalía de Castro. Acaso sería un dato anecdótico se non fose porque o poeta andaluz quedaría prendido da cultura e da lingua galegas.

Con esta idade o piano e a escritura ocupaban as recreacións artísticas de García Lorca. Mais axiña frecuentaría as letras. Nestes inicios aparecen dous poemas dedicados a Galicia. Un é “Santiago (balada ingenua)”, de 1918; o outro dedícao á nosa grande escritora sob o título “Salutación elegíaca a Rosalía de Castro”, de 1919.

Lorca interesouse pola cultura galega. Comezou a ler, estudar, investigar e aprender a nosa lingua. Este achegamento faino grazas ás cantigas medievas e á poesía de Rosalía. Ademais, varios galegos coincidiron na Residencia de Estudantes co poeta (Jesús Bal y Gay, Ernesto Guerra da Cal ou Evaristo Correa Calderón) e tratou en Madrid figuras como Ramón María del Valle-Inclán.

En 1932 visita, en tres ocasións, Galicia (unha delas coa compañía de teatro La Barraca). De novo pasa por Redondela onde chama a atención os seus viadutos e as vistas das casas dende o aire. Será neste período cando Lorca se una máis á nosa terra grazas a persoas como Eduardo Blanco Amor, Carlos Maside, Luís Seoane ou Ricardo Carvalho Calero.

O poeta recita, en público e privado, textos en galego. Esta é a única lingua en que escribiu e recitou alén do castelán. Algo especial xuntábo co pobo galego de tal maneira que declarou nunha entrevista de 1933 en Bos Aires: “Llevo a Galicia en el corazón, porque en ella he vivido y soñado mucho: para mi es mejor soñar que vivir [...]. Al llegar a Galicia me sentí poeta gallego. Me sentí poeta de la alta hierba, de la lluvia alta y pausada”.

Os amigos galegos animárono a publicar uns poemas na nosa lingua. O resultado foi o libro *Seis poemas galegos* que saíron do prelo de Edicións Nós, do galeguista Ánxel Casal e principal editora comprometida co país. A data do colofón pon “27 de decembro de 1935”.

Este libro de versos son dunha extraordinaria calidade literaria que xustifican calquera homenaxe que Galicia poida renderlle. “Chove en Santiago / meu doce amor / camelia branca do ar / brila entebrecida ó sol”, comeza o “Madrigal á cibdá de Santiago”.



En xuño de 1936, en Madrid, se cadra nun dos últimos recitais poéticos nos cales participa Lorca antes de ser asasinado, recita en público algúns poemas en galego. Se cadra, a última mostra da súa vontade de ser, como el dixo, “poeta galego”.

Por todo isto, o Pleno do Concello de Redondela, como representación da nosa veciñanza e como institución comprometida coa cultura e lingua de Galicia, propón

1. Federico García Lorca como candidato para ser homenaxeado co Día das Letras Galegas.
2. Que se leven adiante todas as actuacións para que o proposta sexa recollida pola Real Academia Galega e que conte co maior apoio popular.”

INTERVENCIONES.-

A concelleira París Blanco dá lectura da moción.

O concelleiro Fojo Durán: para nós García Lorca foi un dos mellores poetas españois do século XX. Nótase nas súas verbas o seu interese polo galego, é de agradecer que escribise en galego e que Galicia fose acollidora para el. Polas súas ideoloxías republicanas e defensor das liberdades, tamén é do noso agrado. Vostedes saben que representan a un partido que non condenou o franquismo nin o fascismo. Foi un réxime que asasinou a García Lorca. Tampouco apoiaron a lei de memoria histórica. Seu partido sempre pon trabas á cultura e ás linguas. Cremos que esta representación que fan hoxe é un acto de campaña, é un disfraz de progre pero tirando de hipocresía. Aínda que nos gusta este poeta tamén nos gustaría máis visibilidade a outros poetas galegos.

O concelleiro González Campo: García Lorca é un símbolo non só das letras senón tamén da represalia que sufriron moitos pola defensa da liberdade. Me gustaría que a concelleira de cultura me dixese a que tumba lle poderíamos levar flores. O PP aínda non considerou que foi unha das etapas máis escuras do Estado español. O que lle interesa ó PP é ter un titular. Dende o BNG consideramos moi positivo que García Lorca recoñecese a lingua galega coma unha lingua máis pero seis poemas non son suficientes para adicarlle algo tan importante e relevante como as letras galegas. Trátase de utilizar o noso idioma e de expresarse contra vento e marea. No texto do expositivo fai referencia a outro represaliado, coma Ángel Casal que foi alcalde de Santiago. Foron represaliados polas súas ideas republicanas e defensa da democracia. Nos parece que García Lorca para a literatura en castelán é un personaxe singular.



O concelleiro Covelo Míguez: concordamos dende AER con moitas das cuestións expostas polos compañeiros que acaban de falar. Represión que sufriu inxustamente e tampouco existe a memoria histórica. Na Xunta de Voceiros xa nos posicionamos, non estamos a favor da proposta. Vaia por diante que nos parece interesante a proposta, que nace no servizo de normalización lingüística. Neste caso non estamos de acordo por cuestións similares ás que acaba de comentar Xoán Carlos. A obra en galego é escasa. Nos estatutos da Real Academia Galega se indica que a persoa elixida debe ter unha obra relevante en galego. Hai moitos escritores que cumprirían con este requisito. Está ben que existan actos de exaltación da súa figura e obra pero non para as letras galegas nas que existen persoas cunha gran obra en galego.

A concelleira Rey Gómez: dar as grazas ó servizo de normalización lingüística por encabezar esta proposta. Se presenta esta moción como conxunta pero non é tal porque non se presentou antes ós grupos por se queriamos modificala.

Non di esta moción que a súa obra está impregnada de tema político-social. Era un persoa feminista, homosexual, comunista... La casa de Bernarda Alba tiña moito disto. Federico é unha persoa máis que merecedora de resaltar na nosa cultura porque actuou de forma contraria ó que se coñece como o mal de linguas. Amosou interese por Redondela. Acabou escribindo na nosa lingua. Porqué o uso do galego por Federico? Igual non ten máis explicación que a falta de prexuízos e que a lingua galega afondou na súa alma. Tiña unha desenrolada conciencia social, en La casa de Bernarda Alba amosa unha crítica ó rol tradicional da muller.

Na proposta da moción non se di que a súa obra está impregnada de pensamento social ou feminista. Respecto dos seis poemas non é máis importante a cantidade que a calidade.

Federico non conquistou a lingua galega senón que esta afondou na súa alma. As fronteiras tanto ás persoas como á cultura son impostas polos prexuízos. Federico era ateo, feminista, homoxesual...loitou contra o pensamento arcaico.

A concelleira París Blanco: os que teñen os prexuízos son as persoas que falan aquí porque nos seguen cortando por un mesmo molde. A idea que trouxo este equipo do goberno por medio do normalizador lingüístico é un texto que fixo el. Non quitamos nin puxemos nada no texto. Á marxe de calquera consideración non se pode xulgar a unha persoa pola súa idea política, non estaba adscrito a ningún partido político. Que o asasinaran polo réxime porque era unha persoa incómoda é certo.

Quería dicirlles que a idea é chegar a coñecer porqué a este gran autor lle xurdiu a necesidade de namorarse da nosa lingua e cultura. Porqué escribiu eses versos e porqué presumiu de ser un poeta galego.



O concelleiro Fojo Durán: no mesmo molde non pretendemos meter a todo o mundo, vostedes no molde no que están é Partido Popular. Nos absteremos.

O concelleiro González Campo: como era de esperar o PP quere desligar a vida dun poeta e escritor da política. Para ben ou para mal estamos falando de política. Vostedes son membros dun partido que aínda non censurou a ditadura de Franco. Hai que escoitar aquí que o galego é coñecido no mundo grazas a García Lorca. Entón Rosalía de Castro, Castelao, Manuel Antón... non valeu para nada? Recoñecemos a figura de García Lorca universal pero é un literato en español. O Partido Popular se empeña en traer unha moción aquí porque sabe que non a vamos apoiar e así quen queda mal somos nós. Isto é unha pantomima e se xoga coa memoria dunha persoa que foi represaliada.

O concelleiro Covelo Míguez: nos parece correcto que se poña en valor a figura de Lorca e se fagan actividades recoñecendo pero o noso posicionamento é que non apoiaremos esta moción. É unha proposta que vén do servizo de normalización, que se poña en valor a súa obra está ben.

A concelleira Rey Gómez: o último acto neste Concello adicado a García Lorca tivo tanta relevancia para o equipo de goberno que eran doce persoas. Para coñecer a obra dun autor hai que coñecer a temática que hai detrás. A moción está asinada por Carmen Amoedo pero supostamente a escribiu o técnico de normalización. Se queredes honrar a unha persoa que sexa dende todos os puntos de vista da súa vida. Houbo no equipo de goberno debate para apoiar ou non isto?

A concelleira París Blanco: esta moción viña coa idea de ser unha declaración conxunta apoiada por todos os grupos políticos. Os servizos xurídicos dixeron que tiña que vir como moción.

Son os versos en galego máis difundidos da literatura en galego no mundo, é o que dixen. O que pretendía o texto da moción que se leu aquí é que algún día se ten ese recoñecemento sirva para que se poida chegar a un coñecemento máis profundo de porqué sucedeu isto. A idea é promover ese coñecemento.

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, en votación ordinaria e por maioría dos/as sres./as concelleiros/as, sendo 13 votos a favor (06 do PSdeG-PSOE e 04 do PP), con unha abstención do concelleiro non adscrito, e 5 votos en contra (04 de AER e 01 do BNG), aproba a moción.

-Sendo as 21:46 horas o sr. alcalde fai un receso, reiniciándose a sesión ás 21:52 horas-

4.3.2 MOCIÓN PARA RECUPERAR O PULO CULTURAL NO CONCELLO DE REDONDELA.



ANTECEDENTES:

Moción asinada pola voceira do PsdG-PSOE e voceiros de AER e BNG, con entrada no concello o día 24.01.2019 con número 2019-E-RC-1273 que se transcribe a continuación:

“Nos últimos meses ou anos asistimos a unha perda cultural dramática no Concello de Redondela. E xa non só nos referimos aos eventos e actividades musicais ou culturais que se deixaron de facer en 2018, senón ao que para nós, a día de hoxe, xa é mais grave: a falta de respecto, por parte dos responsables municipais, para coa cidadanía que, de maneira ordenada e respectuosa solicita, segundo as canles que se lles indican, permisos e equipamentos municipais para levar a cabo actividades culturais e deportivas gratuítas e abertas a toda a cidadanía. Actividades que enriquecen a oferta cultural e deportiva da vila, que manteñen vivas tradicións populares, que ofrecen alternativas culturais de calidade para os máis cativos.

Isto é un resumo do que tamén padeceron o equipo de persoas que organizaban o Redondela en Curto, nomeadamente o seu director Fernando “Cuchi” Carreira, e que os levou a súa dimisión, anunciada nos últimos días. A día de hoxe este festival de cine en formato curto que xa está consolidado como un dos máis destacados de Galicia, e que pon a Redondela no circuíto de festivais de maior prestixio, está en perigo de desaparición e o máis lamentable é que a causa desta desaparición sexa a dificultade, que adquire dimensións de loita, á hora de resolver cuestións que están en mans do goberno de Javier Bas e deberan ser de fácil resolución. Resulta intolerable o desprezo amosado por Javier Bas e a concelleira de cultura a todas as persoas que durante estes anos veñen facendo posible este festival. É insultante a prepotencia do alcalde de Redondela cando anuncia sen reparo algún que o festival se realizará si ou si, apropiándose dunha xestión que non lle pertence.

Dende Sinha Paca xa vimos advertindo do deterioro da cultura en Redondela provocada pola falta de interese amosada polo Partido Popular. A desastrosa xestión cultural do goberno de Javier Bas en Redondela faise patente ao facer recuento de todos os eventos e actividades culturais que levan desaparecido nos últimos anos, só en 2018 deixaron de ser organizados cinco festivais así como outras iniciativas xestionadas e realizadas pola cidadanía, agora súmase o Redondela en Curto.

A cultura é un ben do pobo. Porque é o pobo o que a crea e a conserva. Tamén é o pobo o que a paga, aínda que os que temporalmente a xestionades podades chegar a pensar, por veces, que vos pertence. NON.

Por todo o exposto a plataforma SINHA PACA solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO:

1. Que o concello de Redondela comece un diálogo canto antes cos colectivos e asociacións culturais que teñen abandonado, así como coas que continúan, para reconducir esta lamentable situación.



2. Que o concello de Redondela dea traslado a todas as formacións políticas que concorran as próximas eleccións municipais de maio como acordo do pleno e petición desta plataforma que a CULTURA debe figurar no programa electoral de maneira real.”
3. Que o alcalde de Redondela dea orden á concelleira de cultura deste Concello para que sexa ela quen responda as peticións culturais. E que no desenrolo do seu traballo sirva de enlace municipal entre a cidadanía e os outros departamentos que cumpran para levar unha actividade cultural ou deportiva a bo termo.
4. Que o Concello faga público, por exemplo na web, o inventario de material municipal (isto é, de todos) dos que se pode dispór para levar a cabo unha actividade Cultural ou Deportiva (palcos, xeneradores, valados, baños, seguro, punto de luz, de auga...), así como da Ordenanza Municipal que regulamenta o uso do mesmo.
5. No caso de que non existan ambos, nin o Inventario nin a Ordenanza, que o Concello de Redondela adquira o compromiso firme de crealos antes de que remate o presente ano, para poder asumir o ano novo nunhas condicións dignas.
6. Que o Concello asumas os puntos que correspondan la Lei de Espectáculos de Galicia, en vez de repercutilos nos colectivos que desinteresadamente traballan para levar a cabo as actividades.
7. Que o Concello de Redondela fomente o respecto, a igualdade de trato e a interlocución con todas as Asociacións e Colectivos deste Concello.

INTERVENCIONS:

O concelleiro Fojo Durán: apoiamos esta moción. Estamos a favor da cultura na nosa vila de Redondela. Redondela en Curto foi un dos referentes en Galicia. Evento Folk ou evento Rock desapareceron. Existiu desprezo por parte do equipo de goberno. O único que amosa o PP son excusas baleiras, sen contido. Manipulan ós directores ata que os obrigan a dimitir e despois saír na foto apropiándose do evento. Estamos de acordo co inventario e que se faga de uso público. Pedimos diálogo e que a Concelleira de Cultura o demostre. Débese facilitar o labor das asociacións. Pedimos responsabilidade e respecto polos festivais que se fan cada ano, non debemos permitir que ningún partido político estrague o que pertence á xente de Redondela.

O concelleiro González Campo: asumimos esta moción. Asistimos a unha xuntanza na que nos explicaban o porqué desta moción. É unha moción que pon de manifesto a censura e trato despectivo do equipo de goberno con moitas entidades culturais. Hai un mes aproximadamente saía aos medios de comunicación que os membros do Redondela en Curto decidían dimitir polo obstrucionismo permanente que os responsables municipais ofrecen para



poñer en marcha un evento como Redondela en Curto. O ano pasado presentáronse 800 curtas, gran variedade, oferta para os colexios... Chega un momento en que se non hai apoio, a xente cánsase.

Ó día seguinte saíron alcalde e concelleira de cultura dicindo que iso se organizaría. Agora eles o farán e se perde a esencia da organización popular. A concelleira saíu dicindo que a través dos convenios parroquiais tamén se fomenta e se subvencionan actividades. SINHA PACA denuncia o maltrato que están sufrindo. A concelleira tivo a capacidade de acabar co teatro que se practicaba nas parroquias, por exemplo. O contido da moción é axeitado e correcto. Consideramos que o movemento social de base está sendo bombardeado.

O concelleiro Covelo Míguez: isto era visto. Dende AER levamos advertindo de que a cultura está deixándose de lado. Tamén falamos do local compartido para as asociacións. Tamén preguntamos no 2017 pola creación dun consello municipal da cultura coma canle perfecta para establecer liñas de acción cultural. As axudas ás asociacións e promotores saen sempre ó final e iso é un desastre para as asociacións. No 2016 saíron unhas bases que foron un desaguado, despois se reformaron e se corrixiu algo. O regulamento de convenios está enriba da mesa do alcalde pero tampouco vai para adiante. Tamén se propuxo un técnico cultural. Na RPT a intención é que haxa un técnico. O circuío de músicas ó vivo tampouco fixeron. Preguntamos polo novo palco e sempre ten que estar en Chapela e o resto do ano está gardado. Na lei de espectáculos propuxemos sesións informativas para explicar como presentar a documentación. AER foi o único grupo deste Concello que se puxo en contacto co Secretario e técnicos para que saísen adiante unhas instrucións para interpretar a lei.

A concelleira Amoedo Dasilva: respectamos o que pensan outros pero non o compartimos, por iso non o asinamos. O que aparece na exposición de motivos non ten nada que ver coa realidade. Dicir que asistimos a unha perda cultural non estamos de acordo; é coñecido o nivel dos colectivos que aportan as súas ideas como as actividades que se promoven dende a concellería. Tampouco estamos de acordo que digan que representan a toda a cultura de Redondela cando existen moitos máis colectivos. Dicir que estamos afundindo a cultura de Redondela é esaxerado. Falan de prepotencia de alcalde e concelleira pero eles sempre atenden de xeito educado e buscan a colaboración cos colectivos, o que non se pode pedir son imposibles. Non se pode pedir un chiringuito de tres ou de catro. Facemos o que facemos para todos igual. O sr. Carreira que vostedes mencionan tanto, as veces que foi preciso se xuntou coa concelleira e alcalde. Era o director dun festival que pasou dunha achega municipal de 18.000 euros a 33.000 euros. Cando falan da vontade, cústalle cartos ao Concello e non pasa nada porque se aposta pola cultura de Redondela. O que temos que entender é que se algo non nos gusta non significa que estea mal.



A concelleira Rivas Gómez: esperabamos sra. Amoedo que defendera esta moción a concelleira de cultura. As barbaridades que acaba de dicir son unha falta de respecto con todas as asociacións da cultura de Redondela. Isto se vía vir totalmente porque a decadencia foi dende o minuto un. Declive na Cultura, tiveron que saír á rúa. Houbo varios festivais que desapareceron. Todos os festivais e actos culturais que se celebran en Redondela, o lamentable é o escaso apoio que reciben dende o goberno municipal. Moitas veces atrasan o pago das subvencións e mentres tanto as asociacións teñen que facer fronte ós pagos. Pola concellería de cultura xa pasaron catro concelleiros e concelleiras, o que denota a improvisación e falta de planificación. Caciquismo e clientelismo sempre están presentes. O goberno local fuxe de colaborar cos que non son seu nicho de votantes. Non só falamos de falta de apoio económico senón tamén de ceder infraestruturas, iso non é un material do equipo de goberno. É un material dos veciños e veciñas. Só se comparten cos que lles votan. Non entendemos como ANDAINA e Xente titiriteira están usando o mesmo local, iso é a cultura.

O concelleiro Fojo Durán: non me quedou claro sra. Amoedo, dixo que respectan os eventos pero ó mesmo tempo deciden se son axeitados ou non. Redondela caracterízase polo gran número de asociacións que ten. Non me negarán vostedes que non ten unha cantidade importante con determinadas asociacións.

O concelleiro González Campo: recoñecemos o traballo de AER con todas as iniciativas. Pero hai cuestións que hai que poñer enriba da mesa cando se propón a aprobación dos orzamentos. O que propón a moción é que se retome o diálogo.

Georgie Dawn é a cultura que promociona o PP. Os que están vivindo da cultura de Redondela son militantes do PP que fan traballos para vostedes. O convenio coas entidades culturais das parroquias está conxelado. Mentres o PP governe en Redondela se tentará acabar coa cultura popular. O próximo é o festival de títeres. Apoiaremos a moción.

O concelleiro Covelo Míguez: moitas das reivindicacións que aquí se demandan non son novas.

Co SINSAL resulta que existe un patrocinio porque patrocina Redondela, e despois a segunda parte faise en Vigo. Existía a posibilidade do patrocinio, algo que non sabiamos.

Nós temos asumido no noso programa cales son as necesidades, entre elas un inventario de material que podemos prestar.

Vou recoñecer o bo ambiente que había con Eduardo Reguera na cultura. Pedimos que haxa máis conexión, que se escoite máis ás asociacións.

A concelleira Amoedo Dasilva: cremos que as cousas se están facendo dunha forma axeitada. Este goberno escoita, réunese. Festivais como Millo Verde ou Festival Internacional de Títeres incrementaron a aportación municipal; temos o



SONAIRE, todas as actividades que se fan na Casa da Torre. Hai unha cantidade de eventos culturais que se fan en Redondela. Hai moitos máis na cultura de Redondela que os que vostedes mencionaron. Non podemos facer chiringuitos para tres. Non podemos facer política da cultura.

A concelleira Rivas Gómez: sra. Amoedo vostede minte e di barbaridades. Non ten a dignidade para dicir que o están facendo mal. O di a oposición, o din os veciños. Cando chegastes hai 8 anos, todos os festivais existentes xa estaban de antes. Vostedes non fixeron nada. O caciquismo e clientelismo é así, non saben tratar a todos por igual. Se choran dan, se non choran non. Non ten humildade. Dende a Deputación de Pontevedra sabemos xestionar, o punto 4 o facemos dende a Deputación.

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, en votación ordinaria e por maioría dos/as Sres./as concelleiros/as, sendo 11 votos a favor (06 do PSdeG-PSOE, 03 de AER, 01 do BNG e 01 do concelleiro non adscrito), e 7 votos en contra do PP, aproba a moción.

-O alcalde fai un receso ás 22.30 horas, e reanúdase a sesión ás 22.52 horas-.

4.3.3 MOCIÓN SOBRE O PROGRAMA DE MURAIIS CONTRA O FEÍSMO URBANO NO CONCELLO DE REDONDELA.

ANTECEDENTES:

Moción presentada por AER e que se transcribe a continuación:

“O feísmo urbano é un dos problemas que as cidades do século XXI tentan solucionar ou minimizar con normativas, incentivos ou mesmo sancións. As denuncias por casos de feísmo copan anualmente a oficina do Valedor do Pobo e cada vez aumenta a sensibilidade fronte a estes casos desafortunados de “mal facer”. Non obstante, nos últimos anos vanse desenvolvendo iniciativas alternativas que aproveitan o feísmo urbano para darlle unha volta de 180º e transformalo intelixentemente nunha oportunidade. Este é o caso de diversas vilas e cidades que apostan polo emprego da arte urbana dos graffitis e crear murais en fachadas e muros antiestéticos para poñelos en valor. Ou sexa, loitar contra o feísmo mediante a arte, e de paso, crear auténticos museos ao aire libre que ademais está supoñendo un interesante atractivo cultural da arte da rúa, mesmo con rutas específicas polas vilas e cidades e certames anuais de creación de novos murais que engalanen a cidade. Ao longo de toda a península hai casos merecedores de mención: Lisboa, Covilha, Aveiro, Figueira de Foz, O Porto, Zamora, El Provencio, Estepona, Madrid, Calpe, Barcelona,



Madrid, Tudela, Victoria-Gasteiz ou Valencia . Xa en Galicia podemos falar de Vigo, O Barco, Ribeira, Ordes, A Ribeira Sacra, A Coruña ou Ferrol, e as súas iniciativas de murais contra o feísmo e, destacando pola súa repercusión e difusión, o caso de Carballo e o programa “Derrubando muros con pintura”. Estas iniciativas están convertendo estas vilas en auténticos museos ao aire libre que, en palabras dos seus promotores, buscan “curar con creatividade as feridas urbanísticas” que, ao igual que en tantas vilas galegas, deixou o crecemento urbano a partir dos anos 60. Xa en Redondela, hai que recoñecer que igual que na maioría de vilas galegas, tamén se deu ese crecemento urbano descontrolado, aparecendo fachadas en formigón antiestéticas, outras mesmo con fachadas de ladrillo sen cubrir, muros de infraestruturas ou contención onde prevalece a cor gris do cemento. Cada unha destas fachadas ou muros son unha oportunidade para converter o feísmo en arte. Pola contra cabe recoñecer que intervencións como as que xa ten realizado en diferentes espazos a Asociación Millo Verde con murais artísticos, foron e son unha mostra para toda a veciñanza do potencial da arte urbana para decorar muros con pintura, dando alternativas de solución ao feísmo. Algúns destes murais mesmo converteron zonas que ata entón pasaban inadvertidas a zonas cun importante interese como visita pola espectacularidade do mural, como pode ser a zona detrás do Campo da Petanca de Redondela. Recentemente tamén corresponde indicar que o propio goberno local fixo uso da arte urbana de murais para decorar a construción existente no parque infantil da Alameda e a caseta eléctrica existente no recinto da feira. As boas iniciativas deben ser sempre motivo de réplica se conseguen a finalidade buscada co seu nacemento. Así pois, dende a Agrupación de Electores de Redondela consideramos que o noso concello é merecedor e ten oportunidades para o desenvolvemento dunha iniciativa similar a todas as expostas que son referentes algunhas delas mesmo a nivel mundial. Por todo o anteriormente exposto, a Agrupación de Electores de Redondela solicita do pleno da corporación municipal adoptar o seguinte ACORDO: - Instar ao goberno local a que no Concello de Redondela se desenvolva un programa de murais artísticos contra o feísmo urbano, dotándoo da oportuna financiación e involucrando aos propietarios públicos ou privados das edificacións e infraestruturas candidatas a posibles intervencións artísticas.”

INTERVENCIÓNS:

O concelleiro Covelo Míguez dá lectura da moción. Di que saíu na prensa que eramos oportunistas coa moción, non é o caso porque con isto xa comezamos no ano 2017 dunha conversa cunha veciña. Despois comezou o tema dos graffitis nos murais.

O concelleiro Fojo Durán: parécenos unha boa maneira de recuperar os espazos grises e beneficia á comunidade. Tamén un catalizador da expresión artística se se logra mandar unha mensaxe á sociedade. Os beneficios dos murais urbanos son notables. Apoiaremos a moción.



O concelleiro González Campo: é unha cuestión que está ben. O que se demanda é promocionar unha parte da cultura, tamén de base. Unha serie de arte urbano que comezou a desenvolverse nos anos 70 e 80 e se están sacando cousas positivas. Queríamos facer referencia a diferenciar entre o feísmo e a arte urbana. No feísmo os propietarios teñen que participar, a ordenanza municipal fala da limpeza e conservación do ornato. As que non cumpran coa armonía da edificabilidade teríamos que facerllo cumprir ós propietarios. En Eidos se falara cos propietarios duns edificios que quedaran sen rematar. Na parte da cultura urbana está dando resultados positivos, teríase que perfilar en que condicións e garantías.

A concelleira Rivas Gómez: o PSOE está a favor da moción. A maioría dos Concellos o están facendo hai tempo. Temos o exemplo co Concello de Vigo. Esta proposta debería facerse antes polo propio equipo de goberno. Se me preguntades se isto se levará a cabo xa digo que creo que non. A vontade que teñen vostedes é cero. Comecen xa a facer o traballo principal que é falar cos veciños e veciñas. É certo que a moción e o acordo é un tema de cultura de arte urbana, temos que ser conscientes de que con esta arte tamén se fai educación en valores. Se aproveita a arte urbana para que os rapaces e rapazas se poidan expresar.

A concelleira Amoedo Dasilva: sácame vostede o sr. Caballero e a Deputación de Pontevedra, que son os que peor tratan a Redondela. Sr. Covelo lle pido que retire a moción, Redondela xa leva andado moito camiño neste tema. Xa se está falando cos particulares propietarios de varios muros, xa se pediron autorizacións por escrito a outras administracións; xa se ensinaron bocetos da temática que se pretende facer. O noso concelleiro de xuventude puxo en marcha talleres sobre graffitis. Hai un traballo feito, por exemplo na parede dun dos albergues de Redondela e en máis lugares.

O concelleiro Covelo Míguez: non mo podo crer. Se tanto me está dicindo que levan traballado, entendo que dende outubro ata agora estiverono facendo. Ningunha información nos pasaron ó respecto. Dende outubro ata hoxe nolo conta agora. Que me diga que ten un proxecto e despois o alcalde fale de transparencia.

Pensamos que é unha posibilidade para recuperar espazos e establecer rutas. O tema das pintadas que se fala de que non son realmente arte, é unha posibilidade a arte urbana ben entendida. Existe mobiliario deteriorado, tamén murais existentes que necesitan un pequeno programa de restauración, o propio graffiti que está no parque infantil; dentro dalgúns edificios públicos como a Biblioteca de Chapela se fixeron uns murais interiores. Na avda. de Mendiño se fixeron murais e agora se poden facer accións de recuperación.

O concelleiro Fojo Durán: apoiaremos a moción.



O concelleiro González Campo: hai un mural singular que se podería recoller. Baixando Eidos, hai unha praciña pequena por baixo da Igrexa, alí hai un pequeno mural que está deteriorado. Se podería facer algo aí.

A concelleira Rivas Gómez: é vergonzoso o que di vostede sra. Amoedo. Tanto o alcalde de Vigo coma outras cidades teñen o que teñen porque o traballan. Tedes un ego moi alto cando tiñades que estar caladiños. Respecto da moción parece ser que está todo feito. Se presentou en outubro a moción e agora resulta que ten todo feito. Cando se ten unha liña de traballo isto estaría nalgún lado. A moción apoiáremola.

A concelleira Amoedo Dasilva: vostede aquí vota unha cousa e na Deputación vota outra. Eu non son adiviña, non podo pensar que tiñan unha moción sobre murais. Non podemos estar pendentes sobre se a oposición presenta ou non unha moción. Seguiremos traballando con humildade. Lle pedía que retirara a moción porque se a intención é que se faga algo que xa se está facendo, non ten obxecto.

O concelleiro Covelo Míguez: non é raro falar, se presentamos isto en outubro non custaba nada que mo dixera antes. Grazas a todos os que apoian a moción. Tamén hai oportunidade de traer artistas de murais como Lino Lago e outros.

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as, con 18 votos a favor (07 do PP, 06 do PSdeG-PSOE, 03 de AER, 01 do BNG e 01 do concelleiro non adscrito), aproba a moción.

4.4 ROGOS E PREGUNTAS.

PREGUNTAS:

O sr. Cano Correa (AER) dá lectura da seguinte pregunta:

1) Sobre as obrigas de Aqualia.

“No pleno do 7 de xuño de 2018 aprobouse, cos votos a favor de todos os grupos e coa abstención do PP, unha moción presentada por AER sobre as obrigas da empresa concesionaria do abastecemento de auga potable e saneamento “Aqualia”, recollidas no documento de concesión e no prego de condicións. Os acordos da moción son os seguintes:



1.- *Renovación das tubaxes de fibrocemento da rede de abastecemento de auga no concello de Redondela por tubaxes que non impliquen ningún risco sanitario para a poboación.*

2.- *Elaboración dun informe por parte dos servizos do Concello acerca de quen debe asumir os gastos desta renovación; se a empresa concesionaria ou o Concello de Redondela.*

3.- *Apertura de expediente á empresa concesionaria por incumprimento do contrato.*

Polo que preguntamos:

Pensan entregarnos o informe solicitado polo pleno no punto 2 do acordo da moción presentada por AER?"

O concelleiro Álvarez Ballesteros: cando o teñamos llo entregaremos.

O sr. **Cano Correa (AER)** dá lectura da seguinte pregunta:

2) Sobre a reversión dos espazos públicos ocupados pola ampliación da AP-9.

“Dende o arranque da Comisión de Seguimento das obras da AP-9 en maio do ano 2015, a Agrupación de Electores de Redondela vén demandando tanto ao Concello como ao Ministerio de Fomento que se poñan en marcha os trámites necesarios para a reversión dos espazos públicos ocupados pola ampliación da AP-9.

O dez de xaneiro de 2019, o Xefe da unidade de estradas de Pontevedra e representante do Ministerio de Fomento na comisión de seguimento das obras da AP9, Pablo Domínguez Gómez, asina un informe para a Subdelegada do Goberno, onde no punto nº6 cita o seguinte:

6. INFORMACIÓN SOBRE POSIBLES REVERSIONES DE TERRENOS EXPROPIADOS.

El derecho de réversión es el que corresponde a quien ha sufrido la expropiación de un bien o a sus causahabientes para recuperarlo, y el plazo para el ejercicio de este derecho es de veinte años desde la toma de posesión. No se ha recibido ninguna solicitud expresa de reversión por parte de un expropiado o de sus causahabientes

Tendo en conta os debates realizados na comisión de seguimento das obras da AP-9 sobre este asunto e, sobre todo, tendo en conta que cando o representante de AER preguntaba sobre as reversións as respostas eran “*temos todo controlado*”, “*estamos traballando no tema*”... incluso algunhas das afirmacións dos representantes do goberno local eran a modo despectivo de



cara ao representante de AER por perder o tempo con preguntas sobre temas que xa estaban en marcha.

Ante o exposto, consultado o expediente das obras da AP-9 no que non hai ningún documento sobre a reversión e vendo como o informe do Xefe de estradas de Pontevedra deixa claro de que non hai ningunha solicitude a día de hoxe para a reversión dos espazos públicos ocupados pola ampliación da AP-9, preguntamos:

Están os servizos xurídicos do Concello de Redondela estudando a solicitude para a reversión dos espazos públicos ocupados pola ampliación da AP-9?

De ser así indique que departamentos para que poidamos consultalos.

O concelleiro González Barbeiro: hai unha pequena confusión. Terreos ocupados temporalmente ou expropiados. Dos terreos ocupados hai acordo cos propietarios. Polo que nos din os particulares e a concesionaria se revirten e punto. Sobre os expropiados non hai expediente sobre isto.

3) Pregunta formulada oralmente pola concelleira Rey Gómez: Porqué se rexeitou tras obter autorización dende o Concello a presentación do libro Oito olladas sobre a folga feminista do 8 de marzo?

Non existindo máis asuntos que tratar, sendo as 23:32 horas se dá por rematada a sesión polo sr. alcalde.